



Luis Valle será o pregoeiro de Moexmu

O escritor, artista plástico e xestor cultural, Luis Valle (Lugo, 1977), con raíces chairegas (na veciña parroquia de Moncelos no Concello de Abadín), será o pregoeiro da MOEXMU deste ano 2.016, o vindeiro venres primeiro de abril, ás sete da tarde.

É licenciado en Humanidades, Diploma de estudos avanzados en Literatura Española, especialista universitario en Dirección de Empresas de base tecnolóxica, máster en Técnicas de Xestión Integral do Patrimonio Cultural e Especialista Universitario en Xestión e Políticas Culturais pola USC, o Consello Superior de Investigacións Científicas e a Universidade Oberta de Catalunya.

O seu percorrido profesional desenvolveuse entre a empresa privada e a Administración Pública. Traballou como docente no ámbito da comunicación empresarial, como técnico de arquivos nos concellos de Lugo e Guitiriz, como museólogo e investigador no Museo Pedagóxico de Galicia e a U.S.C., así como consultor de diversos proxectos empresariais de base tecnolóxica e no ámbito turístico. Durante os seis últimos anos traballou en distintos gabinetes do Goberno autonómico en consellerías con competencias en cultura, educación e turismo.

É autor dos libros de poesía *Zigurat* (Scio, Lugo: 2001), *Epitafio y corona para Manuel Quiroga* (Finalista do Premio Internacional Ibáñez Martín, De la luna libros, Mérida: 2007), *A Caída* (Premio Caixanova, Danú: Santiago de Compostela, 2009), *Fedor* (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, Sotelo Blanco: Santiago de Compostela, 2011), *Caderno do mendigo* (Barbantesa, Cangas: 2011), *As cicatrices do Sol* (Premio Manuel Lueiro Rey, Sotelo Blanco: Santiago de Compostela, 2015) e *Trona, o merlo* (Barbantesa, Cangas: 2015), unha obra de teatro colectiva: *Machado* (De la luna libros, Mérida: 2008), así como, colaboracións con diversos libros de creación e antoloxías: *Sempremar* (Asociación Cultural Benito Soto, Santiago: 2003), *Poetas en Lugo* (Concello de Lugo, Lugo: 2007), *China fotografía Madrid / China photographs Madrid* (AECID, Shanghai: 2010), *O negro leite da aurora* (Toxosoutos, Santiago: 2011), etc.

Participou nas seguintes obras: *Foeminas, donas e mulleres esquecidas* (Lugo, 19 a.C.-1950) (Concello de Lugo, Lugo: 2004), *O Concello sobre rodas. Transporte público e parque móbil* [Catálogo de exposición], (Concello de Lugo, Lugo: 2004), *Facéndolle as beiras ó Miño: lendas, contos, adiviñas, refráns e ditos populares, parrafeos, cantigas*, (Inludes, Diputación Provincial, Lugo: 2004), *Da Tía Tula á Casa da muller (Mulleres lucenses, 1950-1990)* (Concello de Lugo, Lugo: 2005), *Actas do I Encontro Iberoamericano de Museos Pedagóxicos e Museólogos da Educación*, Antonio Rial Sánchez e Luis Valle Regueiro (coords.) (Xunta de Galicia, Santiago: 2008), *De obreiros a profesionais: historia da formación para o traballo en Galicia* (Universidade de Santiago de Compostela, Santiago: 2009) e *Mulleres na educación en Galicia* (Xunta de Galicia, Santiago: 2009). Dirixiu as revistas “Evohé. Revista cultural del Campus Lucense” (1999-2001) e “65+. Revista dos maiores do Concello de Lugo” (2004-2005).

Colaborou en distintos medios de comunicación nacionais e internacional.

Xa se abriu o prazo de inscrición para a reserva de stand e parcelas a ubicar no Recinto Feiral “Manuel Vila López”